

CONCELLO DE BERGONDO (A CORUÑA)

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28 DE XUÑO DE 2012.

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e oito de xuño de dous mil doce, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado
D. Jesús Vázquez García
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Partido Popular (PP):

D.^a Antonia M.^a Sanjurjo Seijas (voceira)
D.^a Silvia M.^a Vázquez Cardelle
D.^a Isabel Prado Gómez
D. Alberto Feijoo Rodríguez
D. Fernando Abruñedo Fernández

Concelleiros non adscritos

D. Antón Sánchez García
D. Juan Antonio Fariña Pedreira

Así mesmo asisten:

A interventora municipal: D.^a Laura Gutiérrez Ortiz
O secretario xeral: D. Federico Suárez Canelo

ORDE DO DÍA

- 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO DÍA 31 DE MAIO DE 2012.**
- 2.- DAR CONTA DO INFORME CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE-2012 SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.**
- 3.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO ECONÓMICO 2011.**
- 4.- TOMA DE COÑECEMENTO DO PASO DE D. ANTÓN SÁNCHEZ GARCÍA E D. JUAN ANTONIO FARIÑA PEDREIRA, A CONCELLEIROS NON ADSCRITOS.**

5.- DISOLUCIÓN DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA ÁREA DA CORUÑA. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

6.- MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

7.- MODIFICACIÓN DA PROPOSTA DE ASIGNACIÓN DE DOTACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

8.- ASUNTOS URXENTES

9.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO DÍA 31 DE MAIO DE 2012.

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión do día 31 de maio de 2012. A Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular; non se formulan, polo que se aproba a dita acta por unanimidade.

2.- DAR CONTA DO INFORME CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE-2012 SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.

Dáse conta aos/ás asistentes do informe correspondente ao primeiro trimestre do ano 2012, sobre o cumprimento da Lei de Medidas de loita contra a morosidade, e que estivo á disposición dos concelleiros da Corporación.

O Pleno queda enterado

3.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO ECONÓMICO 2011.

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas que tivo lugar o 19 de abril de 2012, que transcrita literalmente di:

“Unha vez rendidos pola Alcaldía os estados e contas anuais, a Intervención municipal nos termos establecidos no artigo 212 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), procedeu (segundo Providencia de Alcaldía de 21 de marzo de 2012) a formar a Conta Xeral, emitindo un informe de data 28 de marzo de 2012, que acompaña á mesma.

A Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o 19 de abril de 2012, informou favorablemente a Conta Xeral de 2011, procedéndose á súa exposición pública no Boletín Oficial da Provincia nº 85 de

data 7 de maio de 2012. Transcorrido o prazo sinalado no artigo 212.3 do TRLRFL sen que se producisen reclamacións e en cumprimento do disposto no artigo 212.4 do citado texto legal e na Regra 102.4 da Instrución do modelo normal de contabilidade local, propoño ó Pleno da Corporación, que previo exame do expediente, adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a Conta Xeral do exercicio económico 2011, co desglose das Contas e Estados que a forman, e se indican a continuación:

	Exercicio 2010	Exercicio 2011
1. BALANCE DE SITUACIÓN: TOTAL ACTIVO E PASIVO	25.950.097,16 €	26.313.226,11 €
2. CONTA DE RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL:		
Aforro	1.877.347,67 €	462.203,12 €
Desaforro	0,00 €	0,00 €

3. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

A) Resultado orzamentario exercicio 2011

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a.- Operacións correntes	5.162.630,89	4.816.415,45		
b.- Operacións correntes non financeiras	272.871,09	851.532,23		
1. Total operacións non financeiras (a+b)	5.435.501,98	5.667.947,68		
2. Activos financeiros	5.555,19	3.650,47		
3. Pasivos financeiros	0,00	104.045,28		
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	5.441.057,17	5.775.643,43		-334.586,26
<u>AXUSTES</u>				
4. Créditos gastados financiados con remanente tesourería para gastos xerais			684.640,06	
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio			58.526,26	
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio			0,00	743.166,32
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				408.580,06

B) Estado remanente de tesourería

- Fondos líquidos na tesourería2.022.696,89 euros.
- Dereitos pendentes de cobro en fin de exercicio.....182.779,98 euros.
- Obrigas pendentes de pago en fin de exercicio.....547.222,54 euros.
- Remanente Tesourería total.....1.658.254,33 euros.
- Saldos de dubidoso cobro..... 0,00 euros
- Exceso de financiación afectada..... 38.961,31 euros.
- Remanente de Tesourería para gastos xerais.....1.619.293,02 euros.

C) Dereitos e obrigas pendentes exercicio 2011

- Dereitos pendentes de cobro..... 184.144,10 euros.
- Obrigas pendentes de pago..... 337.084,43 euros.

D) Remanentes de crédito

- Comprometidos..... 552.402,84 euros.
- Non comprometidos..... 1.149.130,09 euros.

4. MEMORIA que completa, amplía e comenta a información contida no balance, na conta de resultado económico patrimonial e o estado de liquidación do orzamento.

Segundo: Que se proceda a render ó Consello de Contas da Xunta de Galicia a referida Conta Xeral, de acordo co previsto no artigo 212.5 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O Pleno da Corporación decidirá o que crea mais conveniente.

Bergondo, 27 de xuño de 2012=A Alcaldesa=Asdo. Alejandra Pérez Máquez”

Seguidamente toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: repetir o que xa comentamos na Comisión Especial de Contas, destacamos o orzamentario positivo que da lugar a unha situación financeira estable e tranquila, incidir tamén que este remanente positivo non é algo do que teña que presumir, nin moito menos, senón que forma parte do aforro que se ten durante estes anos; unha administración non está para aforrar, tampouco nestes tempos, a pesar da que está caendo, e este aforro non ven dado porque non se executase o orzamento, xa que os grados de execución son altos, un 84% en gasto corrente e un 72 % en inversión, creo que é un gasto suficientemente importante para dicir que si se está gastando e invertendo o que se presuposta.

Tamén indicar que a forma de aplicar despois estes remanentes de tesourería é a través dos suplementos de crédito, sempre e cando as instrucións que veñen do Estado nolo permitan, que parece ser que si o imos poder facer así.

Damos tamén conta dos reparos que se produciron durante o ano pasado, algún dos cales estamos xa practicamente a piques de subsanar, como son os contratos referidos ao programa de apertura de centros fora de horario lectivo, tamén as obras que se fixeron nos campos de fútbol por non ter a dispoñibilidade, igualmente algunha acometidas e algún saneamento.

Pouco mais que dicir, destacar a importancia de aprobar a Conta, ou polo menos absterse, para rendela e poder optar ás subvencións que nos esixen ter rendida a Conta Xeral.

A continuación toma a palabra a Sra. voceira do PP e di: nos imos votar a favor da aprobación da Conta Xeral do exercicio 2011, pero isto só significa que estamos a favor da xestión da Intervención, e non da xestión municipal, por todas as fiscalizacións desfavorables e con carácter reiterativo dende o ano 2010, como a que vostede mencionou, a contratación das psicopedagogas para a apertura de centros, porque levamos escoitando todo este tempo que xa se ía resolver e aínda persiste na actualidade, o mesmo co dos campos de fútbol, a rescisión do contrato do Plan Xeral, e, amén doutros expedientes cunha contratación totalmente irregular.

Tampouco compartimos o destino da maior parte das subvencións nominativas, que se repiten ano tras ano, nin tampouco os cartos que se dedican a festexos; a pesar diso para poder levar unha xestión clara e poder participar de subvencións imos votar a favor da aprobación.

Sra. alcaldesa: agradézolle ese voto a favor, porque, efectivamente, aprobar a Conta non significa estar de acordo co Orzamento, para iso se fai, nin tampouco estar de acordo co que gastara, ou non, e nas partidas que vostede defire con respecto ao concello. Aprobar a Conta significa aprobar a contabilidade e aprobar a xestión feita pola Intervención, por iso si que nese senso lle dou as grazas.

Toma a palabra o Sr. concelleiro non adscrito, Antón Sánchez García e di: o noso grupo vai absterse cos mesmos argumentos que a portavoz do PP dixo que votaba a favor, nos imos abstermos.

Isto reflicte a realidade financeira do concello, é evidente, pero nós tampouco estamos de acordo coa xestión do goberno, neste caso, porque coincide plenamente cando a alcaldesa, xa non é a primeira vez que di, que non é para presumir o remanente, pero tampouco se lle pon solución a isto; a solución é levar a cabo os proxectos que Bergondo necesita, e que se poden facer con cargo a este remanente de tesourería, daquela, por moito que diga aquí que non é para presumir ter dous millóns, ou un millón seiscentos cincuenta e oito mil euros de remanente de tesourería e fácil poñerlle solución, hai que acometer os proxectos e aquelas cousas que Bergondo necesita, porque non temos Centro de Día, aínda no temos saneamento en todo o concello, non temos biblioteca, moitas cousas coas que podería seguir.

Daquela, non é dicir que non é para presumir, senón que iso ten solución, que é acometendo estes proxectos.

Con respecto aos reparos, tamén, dicir que hai que resolver o tema das psicopedagogas, creo que algo hai empezado, esperemos que se resolva pronto.

Sra. alcaldesa: soamente facer un apunte, e é que, efectivamente a fórmula para poder utilizar eses remanentes, como dicía antes, é a través dos suplementos; poderíamos estar de acordo, ou non, en que se utilizan eses suplementos, pero eu recordo que durante todos estes anos os suplementos de crédito foron un dos puntos mais controvertidos, e non tanto polas inversións que se planeaban facer con eles, senón pola figura do suplemento, e dicir, eu entendo que poidamos diferir en que inverter ou en que gastar un suplemento igual que diferimos nun orzamento, pero un suplemento non deixa de ser algo totalmente ordinario, e que é a fórmula, como vostede tamén ben di, de poder facer uso deses remanentes positivos.

Sr. concelleiro, Antón Sánchez García: nós no 2011 aprobamos un suplemento de novecentos mil euros; custou pero aprobouse.

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro de VB: nos apoiamos a proposta da Alcaldía, sabemos que hai que mellorar, pero penso que hai que facelo con claridade e sen darlle voltas ás buxainas, e aportando en que imos gastar os cartos e non dicir o que hai que gastar, e pa iso sempre se brindou xuntarnos e falar; polo tanto aprobamos a proposta.

Sr. concelleiro, Antón Sánchez García: unha pregunta, no tema do gasto en enerxía eléctrica quería saber se o resultado que se recolle, tratei de aclarar se entraba un ano natural, porque as obrigas recoñecidas son de trescentos sesenta e tres mil, creo, de gasto das dependencias e alumeado público, quero saber se iso reflicte o gasto efectivo nun ano ou queda pendente por pagar facturas de 2011 que non están reflectidas na Conta.

Sra. alcaldesa: si que hai facturas que poderían ser do 2011, porque de feito, sobre todo este ano co tema do trasvase de facturas de Gas Natural a Unión Fenosa Comercial, as últimas facturas de ano, e non é que quedaran pendentes de pago, e que non as emitiu a propia empresa, co cal si que se emitiron facturas que a fecha de emisión é neste ano 2012 pero que se corresponden con consumos do ano 2011. Sempre se leva retraso, pero este ano aínda mais, si é esa a pregunta.

Sr. concelleiro: nós o solicitaremos por escrito, porque queremos saber cal foi a evolución real do gasto durante o ano 2011.

A continuación procedese á votación a proposta da Alcaldía, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista catro (4) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo dous (2) a favor; Grupo municipal do Partido Popular cinco (5) votos a favor; concelleiros non adscritos: dúas (2) abstencións.

Total: once (11) votos a favor, e dúas (2) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobada**, por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DO PASO DE D. ANTÓN SÁNCHEZ GARCÍA E D. JUAN ANTONIO FARIÑA PEDREIRA, A CONCELLEIROS NON ADSCRITOS.

A Sra. alcaldesa informa aos/ás asistentes de que o 18 de xuño de 2012 os concelleiros D. Antón Sánchez García e D. Juan Antonio Fariña Pedreira comunicaron ao concello a súa baixa como integrantes do grupo municipal do BNG, polo tanto conforme ao previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os citados concelleiros teñen desde esta data a condición de concelleiros non adscritos a ningún grupo municipal, co réxime xurídico previsto no citado artigo.

O pleno queda enterado.

5.- DISOLUCIÓN DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA ÁREA DA CORUÑA. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Visto que pola Asemblea Intermunicipal da Mancomunidade de Municipios da área da Coruña, en sesión celebrada o día 12 de marzo de 2012 acordouse inicialmente a disolución da mesma, á vista de que a referida Mancomunidade permaneceu sen actividade algunha desde a última sesión celebrada o día 10 de agosto de 2000, e visto que se producen as circunstancias a que se refire o artigo 14 apartados b), c) e d) dos Estatutos e que así mesmo segundo o apartado a) dos mesmos tamén é causa de disolución a separación da Mancomunidade de máis da metade dos municipios que a integran, e que producíndose calquera das causas referidas será suficiente para a disolución da mesma.

Visto que se efectuou a exposición ao público mediante anuncio publicado no BOP da provincia da Coruña con data doce de abril de dous mil doce, segundo resulta da certificación expedida pola Secretaría accidental da Mancomunidade e transcorrido o prazo dun mes non constando a presentación de alegacións ou reclamacións, e que igualmente con data tres de maio de dous mil doce emitíuse informe pola Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza favorable para proceder á disolución da Mancomunidade e igualmente por acordo plenario de 27 de abril de 2012 da Deputación Provincial da Coruña infórmase favorablemente a disolución.

Visto o informe de Secretaría de data 15 de xuño de 2012

Visto que con data 29 de maio de 2012 tívose coñecemento da sentenza ditada pola Sección 2ª da Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditada no recurso de apelación 4383/2011 desestimando as pretensións formuladas polo Concello de Oleiros fronte á Mancomunidade, polo que a efectos do apartado 2º do acordo que se propón, respecto ao acordo adoptado pola Asemblea da Mancomunidade debe estarse agora ao contido xa coñecido da sentenza que no momento da adopción do acordo polo órgano mancomunado aínda non se ditou.

Visto que se dan as causas previstas nos Estatutos para a súa disolución, de conformidade co acordo adoptado pola Asemblea Intermunicipal da Mancomunidade de Municipios referido, propónse ao Pleno Municipal de conformidade cos arts.12 e 14 dos Estatutos e do art. 143 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, a adopción dos acordos seguintes, por maioría absoluta legal:

Primeiro.- *Ratificar o acordo adoptado pola Asemblea Intermunicipal da Mancomunidade de Municipios de data 12 de marzo de 2012, na súa integridade e propios termos, respecto da aprobación da disolución da Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria dos Concellos comprendidos na área de influencia do da Coruña, acordando a disolución da mesma, conforme á previsión do artigo 14 dos Estatutos por producirse as causas dos apartados 14.1 b), c) e d).*

Segundo.- *De conformidade co disposto nos Estatutos, en ningún caso a disolución poderá prexudicar os dereitos de persoas que poidan ter con ela contratos vixentes, procedéndose nese caso de conformidade co disposto no apartado segundo do artigo 14 dos Estatutos.*

En relación co sinalado no acordo do Pleno da Mancomunidade respecto ao litixio co Concello de Oleiros (recurso de apelación 4383/2011) de conformidade co sinalado na Sentenza xa recaída de 10 de maio de 2012, ditada en recurso de apelación, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, consentir e acatar a mesma tendo en conta que desestima as pretensións do Concello de Oleiros fronte á

Mancomunidade, debendo facultarse á Comisión Xestora convertida en liquidadora para proceder no prazo de tres meses, prorrogables ata a finalización do proceso, á liquidación asistida polos funcionarios con Habilitación Estatal que accidentalmente prestan servizos a esta Mancomunidade, sendo ao efecto Secretario, Interventor e Tesoureiro do Concello da Coruña ou os seus substitutos legais, e debendo estarse ao disposto na Disposición Final dos Estatutos.

Terceiro.- *Facultar á Alcaldía - Presidencia tan amplamente en dereito como sexa preciso para a realización de cantos actos, trámites e xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.*

O Pleno municipal decidirá o que considere mais conveniente.

En Bergondo, quince de xuño de dous mil doce=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

A continuación toma a palabra a Sra. voceira do PP e di: o que xa dicíamos na Comisión Informativa, que non ten razón de ser en canto non funciona desde o ano 2000, e xa que conta con todos os informes favorables ao procedemento a seguir, pois o noso voto é a favor da disolución.

Seguidamente toma a palabra o Sr. concelleiro non adscrito, D. Antón Sánchez García e di: nós tamén apoiamos a disolución; nada mais que dicir que nos parece que é un fracaso político que dende o 1983 estea constituída a Mancomunidade e nunca funcionara, cando é un instrumento que debería ser moi útil para mancomunar servizos e utilízalo como maneira de mellora a eficacia dos servizos, pero dende o oitenta e tres non funciona e evidentemente algo pasa e é moito mellor que se disolva.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro de VB e di: apoiamos esta proposta, pero teño unha dúbida, o material que queda na mancomunidade ¿a quen se lle fai entrega?.

Sra. alcaldesa: ao Consorcio, de feito hai unha nota que ven hoxe na prensa; é algo no que se ven traballando dende fai bastante tempo. A cambio de que non funcionara a mancomunidade, se pode dicir que polo menos o Consorcio das Mariñas é un exemplo de mancomunidade e de como se funciona, non digo que non poida ser mellorable pero, sobre todo no tema de tratamento de residuos, si é un exemplo en toda Galicia.

Sr. voceiro de VB: pero ¿confirmase?, porque ao final deixábase entrever.

Sra. alcaldesa: en todo caso será algo que se terá que ver tamén agora con esta liquidación da que xa informamos o outro día, desta xestora da que formamos parte todos os concellos. Igualmente o outro día eu informaba de que Bergondo non ten ningunha débeda, xa que no se momento cumpriu co obxectivo, que era facer eses punto limpos; se queda algún resto de intereses e demais terase que estudar, pero a nós non nos vai supoñer ningún gasto.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

6.- MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta aos/as asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Na sesión plenaria do 7 de xullo de 2011, o Pleno da Corporación acordou a creación das seguintes comisións informativas permanentes:

-Comisión especial de contas.

-Comisión de asuntos do pleno.

-Comisión informativa especial para o seguimento, estudo e informe do PXOM.

De igual modo acordouse a aplicación do sistema de voto ponderado, sendo o número de catro integrantes para cada unha destas Comisións correspondendo:

Un (1) concelleiro/a do Partido dos Socialistas de Galicia

Un (1) concelleiro/a do Partido Popular

Un (1) concelleiro do Bloque Nacionalista Galego

Un (1) concelleiro/a de Veciños de Bergondo

Visto que con data de 18 de xuño de 2.012 (RE nº 4954/2012 do 18/06) D. Antón Sánchez García e D. Juan Antonio Fariña Pedreira, manifestaron a súa intención de deixar de formar parte do Grupo Municipal do B.N.G quedando este polo tanto sen integrantes, e pasando os anteriores concelleiros a ser considerados como non adscritos, propónse ao pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: *Modificar o acordo adoptado na sesión plenaria do 7 de xullo de 2.011 de tal forma que se mantéña o número de catro integrantes para cada unha das Comisións Informativas correspondendo:*

Un (1) concelleiro/a do Partido dos Socialistas de Galicia

Un (1) concelleiro/a do Partido Popular

Un (1) concelleiro/a de Veciños de Bergondo

Un (1) concelleiro non adscrito.

Segundo: *Para todo o demais manterase en idénticos termos o acordo adoptado con data de 7 de xullo de 2011.*

Non obstante o Pleno da Corporación acordará o que considere oportuno.

Bergondo a 18 de xuño de 2011.=A Alcaldesa.=Alejandra Pérez Máquez.”

Toma a palabra a Sra. voceira do PP e di: nos ímonos abster, tal como dixemos na Comisión Informativa, porque opinamos que se se presentaron a unhas eleccións baixo a infraestruturas dun partido e co programa do dito partido, as actas deberían ser dese partido, pero, insisto, é un problema deles e da súa conciencia, e como parece que non se cuestionan a opinión dos seus votantes menos lles importará o que opine o Partido Popular. A lei lles ampara, nos respectamos a lei, ímonos abster.

Sr. concelleiro non adscrito, D. Antón Sánchez García: hoxe xa te explicaches mellor que na comisión, nos queremos dicir que a decisión de darnos de baixa como militantes do BNG, en ningún caso vai afectar ao desenvolvemento da nosa política municipal, débese a un movemento que está habendo en toda Galicia, dos que cremos, acertada ou equivocadamente, de que hai que mudar os instrumentos para conseguir os nosos obxectivos, que nos ofrecemos a nosa lealdade a cumprir o noso programa coas mesmas persoas, pero as organizacións, a rixidez destas organizacións, impide que sexan sensibles aos votantes que votaron en Bergondo por unhas persoas e por un programa. Nos imos seguir defendendo o mesmo, porque non foi unha decisión tomada en función de problemas ou de cuestións de Bergondo, senón porque nos queríamos deixar de militar nun partido que en ámbitos nacionais consideramos que xa non nos representa.

A nosa conciencia témola moi tranquila, o noso compromiso cos nosos votantes segue igual de forte, porque non nos damos de baixa de ningún partido para facer unha moción de censura, nin para aprobar un Plan xeral que vai en contra os intereses dos veciños, simplemente polas razóns que pode vostede crer ou non, pero son esas.

Dicir que a efectos prácticos, como Asemblea de Bergondo, aínda que somos concelleiros non adscritos, imos funcionar cara ao Pleno como un grupo, non imos funcionar como concelleiros individuais.

Sr. voceiro de VB: eu soamente quero desexarlles sorte, sei o que leva comezar de cero, con todas as *hostias* que nos dan, incluso vostede, polo tanto, sorte.

Sr. concelleiro, D. Antón Sánchez García: moitas grazas.

A continuación procedese á votación a proposta da Alcaldía, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: catro (4) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: cinco (5) abstencións; concelleiros non adscritos: dous (2) votos a favor.

Total: oito (8) votos a favor, e cinco (5) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobada**, por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

7.- MODIFICACIÓN DA PROPOSTA DE ASIGNACIÓN DE DOTACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“O art. 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que:

“A efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais constituiranse en grupos políticos, na forma e cos dereitos e as obrigas que se establezan con excepción daqueles que non se integren no grupo político que constituía a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia, que terán a consideración de membros non adscritos.

O Pleno da Corporación, con cargo ós Presupostos anuais da mesma, poderá asignar ós grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos y outro variable, en función do número de integrantes de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral nas Leis de Presupostos Xerais do Estado y sen que poidan destinarse ó pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ó servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os dereitos económicos e políticos dos membros non adscritos non poderán ser superiores ós que lles houberan correspondido de permanecer no grupo de procedencia, e exerceranse na forma que determine o Regulamento orgánico de cada Corporación.

Esta previsión non será de aplicación no caso de candidaturas presentadas como coalición electoral, cando algún dos partidos políticos que a integren decida abandonala.

Los grupos políticos deberán levar cunha contabilidade específica da dotación a que se refire o parágrafo segundo deste apartado 3, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida”

Na sesión plenaria do día 7 de xullo de 2.011 acordouse a aprobación dunha asignación, a cada un dos Grupo políticos municipais cun compoñente fixo e outro variable en función do número de concelleiros integrantes da cada grupo.

*Visto que con data de 18 de xuño de 2.012, (RE nº 4954/2012 do 18/06) D. Antón Sánchez García e D. Juan Antonio Fariña Pedreira presentaron escrito no que manifestan a súa vontade de deixar de formar parte do grupo municipal do B.N.G, e consonte con insto deben ser considerados como concelleiros non adscritos, quedando o grupo municipal do B.N.G con 0 integrantes, pola presente proponse ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte **ACORDO**:*

Primeiro: *Suprimir a asignación aprobada polo Pleno da Corporación en sesión do 7 de xullo de 2.011 ao Grupo Municipal do B.N.G, pola desaparición do mesmo, ao manifestar todos os seus integrantes a intención de deixar de formar parte do mesmo.*

Segundo: Para todo o demais, manterase en idénticos termos o acordo adoptado con data de 7 de xullo de 2.011.

Non obstante o pleno acordará o que considere máis oportuno.

Bergondo 18 de xuño de 2.012.=A Alcaldesa.=Alejandra Pérez Máquez.”

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: isto é como consecuencia de todo o dito anteriormente, non é que esteamos contentos de que o grupo non vaia a cobrar, pero en todo o caso é o legal.

Sra. voceira do PP: nos ímonos abster polas mesmas razóns que expuxemos no punto anterior, tampouco nos parece que se están aí non cobren, pero se eles o queren así...

Sr. concelleiro, D. Antón Sánchez García: é aplicar a legalidade, nós xa eramos conscientes disto cando tomamos a decisión, tampouco vai ser decisivo para o noso traballo.

A continuación procedese á votación a proposta da Alcaldía, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: catro (4) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: cinco (5) abstencións; concelleiros non adscritos: dous (2) votos a favor.

Total: oito (8) votos a favor, e cinco (5) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobada**, por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

8.- ASUNTOS URXENTES

Seguidamente a Sra. alcaldesa pregunta aos/a voceiros/a dos grupos políticos e aos concelleiros non adscritos, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día que acompañaba a esta convocatoria.

Non se presentaron.

9.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 28 de maio ata o 22 de xuño de 2012, numerados do 303/2012 ao 389/2012. O Pleno queda enterado.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de dar paso aos seus rogos e preguntas, a Sra. voceira do PP pregunta con respecto ao Decretos.

Sra. voceira do PP: no número 307 volvemos a ver o das psicopedagogas, vostede di que xa está en proceso de arranxo, pero xa van os dous trimestres deste ano.

Sra. alcaldesa: indicar que nestes últimos quince días si chegaron, de feito publicouse na páxina web, as subvencións da Consellería de Educación para este programa, o cal nos da unha garantía para facer unha contratación de polo menos de dous anos, e xa estamos preparando o Prego.

Sra. voceira do PP: no 354 estamos outra vez coa factura de teléfonos móbiles dos concelleiros, eu xa lle preguntara a vostede por isto noutra ocasión e díxome que non me ía dicir cal era o consumo de cada un, que o total era ese; vale, pois eu parto de que como son teléfonos móbiles que estamos pagando todos penso que tamén deberían estar a disposición de quen quixera facer uso deles, dentro da transparencia que queremos transmitir non estaría de mais que na páxina web do concello estivese publicado que concelleiro é responsable de cada área e a que número de telefono se poderían dirixir os veciños, non sei se hai algunha pega a iso.

Sra. alcaldesa: si está indicado o concelleiro e a área que lle corresponde, iso está publicado na páxina web, non así o número de teléfono, pero en todo caso iso é algo que se consultará cos diferentes concelleiros e se non teñen inconveniente se fará. Ademais é certo que a maior parte dos consumos é a través dos números curtos, que así lles chamamos, é dicir, das chamadas internas entre concelleiros e traballadores do propio concello; e un veciño sempre que quere falar cun concelleiro senón é directamente pois é logo a través dun recado, ao final sempre acaba falando con el.

Sra. voceira do PP pois eu non son capaz de falar con ningún deles, so teño o telefono de dous ou tres, do resto non teño ningún.

Sra. alcaldesa: pois pídamos a min Sra. concelleira.

Sra. voceira do PP: non xa, pero si os estamos pagando entre todos deben ser polo menos medio públicos. Tamén queremos se nos podería informar do borrador do convenio que firmou con Augas de Galicia.

Sra. alcaldesa: si, se quere vostede pedir unha copia tal e como fixo o concelleiro non adscrito Antón, e se lle facilitará unha copia dese borrador, que tivo bastantes *idas e voltas*, por correo electrónico moitas veces porque contiña algún erro, e ao final esperamos asinar o convenio de inmediato.

Sra. voceira do PP: vale

A continuación a Sra. voceira do PP pasa a expoñer os seus Rogos e Preguntas, con fotos descritivas en case todos os rogos, e que foron presentados o día 27 de xuño, co núm. de rexistro de entrada: 5461; son os seguintes:

ROGOS:

1.- Parroquia y lugar: Guísamo, parque bio-saludable.

Incidencia: Estado del césped demasiado alto

2.- Parroquia y lugar: Santa Marta, parque bio-saludable.

Incidencia: : Estado del césped demasiado alto

3.- Parroquia y lugar: Lubre, parque bio-saludable.

Incidencia: Sigue habiendo quejas vecinales sobre el estado de los parques bio-saludables debido a la falta de corte y desbroce de la hierba, lo que hace que los aparatos no sean accesibles. En el caso del parque de Lubre la situación se agrava al no disponer de las losetas de pizarra de las que si disponen otros parques como el de Santa Marta o Guísamo.

Solicitamos la colocación de las piezas de pizarra en el parque de Lubre, tanto para facilitar el acceso de los vecinos como para que el parque pueda aguantar más tiempo sin necesidad de cortar el césped.

4.- Parroquia y lugar: Lubre, parque Rúa da Lama

Incidencia: Banco de piedra roto, se solicita la reparación ya que todavía sería aprovechable la pieza de piedra.

Sra. voceira do PP: neste concretamente o solo prácticamente non se pode pisar, vostede falaba de poñer unhas losas; incidir sobre o tema, porque se os temos e non os podemos utilizar é como se non os tiveramos, aínda que foran por unha subvención, algo pagaríamos por eles.

Sra. alcaldesa: da igual que fose por unha subvención ou non, indicar que non sei cando foron tomadas as fotos, aínda que nalgún se pode intuír; á día de hoxe a maior parte deles xa están coa herba cortada, creo que faltarían Fiobre e a Casa da Cultura, o resto si se foron cortando, ademais a previsión era que puidesen estar para o remate do curso escolar, foi un pequeno retraso.

5.- Parroquia y lugar: Bergondiño centro (antigua taberna)

Incidencia: Diversos baches, alguno ya con cierta profundidad. Se solicita la reparación de los mismos.

Sra. alcaldesa: estívose rebacheando aínda onte.

Sr. concelleiro de infraestruturas, medio ambiente e vías e obras, F. Manuel Fafián Torreiro: estívose en Cortiñán, hoxe en Sampaio.....

6- Parroquia y lugar: Carretera de Pisón a Miodelo.

Incidencia: Hundimiento de un lateral de la carretera, coincidiendo con uno de los registros. Se solicita reparación antes de que rompa el registro y pueda ocasionar mas desperfectos.

Sr. concelleiro de infraestruturas: esta hai que esperar mais, temos que ver unha pequena fuga e hai que esperar ao verano.

7.- Parroquia y lugar: Carretera de Pisón a Miodelo.

Incidencia: Talud de tierras desplomado sobre la carretera. Se solicita vigilarlo en caso de que haya desprendimientos posteriores y la retirada de tierras de la calzada.

Sr. concelleiro de infraestruturas: hai que esperar, retiráronse xa dúas veces os taludes e é mellor esperar a que estea seco e non que se desprenda así cada pouco, ademais o talud e bastante alto é hai que buscar unha solución.

8.- Parroquia y lugar: Rueiro de Vilanova.

Incidencia: La recogida de aguas que discurre por medio del rueiro, no tiene una salida final, desembocando las aguas encauzadas al medio del camino a no tener salida. Se solicita o su canalización hasta el final del rueiro o buscar la manera de desviar el agua encauzada a otro punto.

Además de hacer notar el mal estado del vial con numerosos baches y los arboles encima del camino, impidiendo el paso de furgonetas de reparto o transportes con una altura media.

Sra. alcaldesa: tomamos nota.

Sr. concelleiro de infraestruturas: os baches creo que xa están, creo que estaban hoxe en Moruxo, non estou seguro.

Sra. voceira: hoxe non os fomos a ver.

Sr. concelleiro de infraestruturas: e as árbores creo que tamén xa tomamos medidas contra elas, porque é certo que por aí non pasaba o camiión da basura.

9.- Parroquia y lugar: Bergondiño, parque.

Incidencia: Sigue habiendo protestas por la limpieza, recogida de los residuos del botellón de los fines de semana.

Sr. concelleiro de infraestruturas: algo haberá que facer nalgúns parques; este e mais o de Ouces ou destinamos xente a diario a limpar, ou xa non sei que facer aí.

Sra. voceira: ao mellor si tiveramos policía municipal, podería ser unha solución.

Sra. alcaldesa: aínda así, a policía municipal non podería estar en todos os sitios ao mesmo tempo.

Sra. voceira: e ao ritmo que levamos, imos ter que ir nós a vixiar.

10.- Parroquia y lugar: Guísamo, parque.

Incidencia: Con la Orden DOGA 111 de ayudas para el soterramiento de líneas de alta tensión en zonas urbanas se solicita el soterramiento en el parque de Guísamo de la línea que pasa por encima.

Sra. alcaldesa: aí poderíamos ter diferentes opinións, polo que agora mesmo optamos é por aproveitar un proxecto que xa imos executar para liberarnos tamén da carga económica que ten para o concello, que é pouca, entón presentaremos un proxecto nesa liña. É o de Bos, de feito o acabamos de adxudicar na Mesa de Contratación.

Sra. voceira: si.

11.- N-VI

En el tramo de acera que hay del bar Raxas a Virxe da Barca (margen izquierdo de la carretera) la hierba cubre la acera.

Sra. alcaldesa: seguramente será algo particular.

Sr. concelleiro de infraestruturas: aparte aí limpa Fomento. Fomento, Deputación e a Xunta non licitaron, e estamos no mes de xullo, o mantemento das estradas para este ano.

12.- Cementerio municipal de San Fiz.

Los vecinos ha tenido que limpiar la entrada al cementerio ante la dejadez del Ayto.

Sra. voceira: antes limpábase, logo sei que o limpaba a Asociación de veciños, agora non o limpa ninguén, cada un limpa un cachiño diante da súa lápida. É un espazo de terreo moi pequeno e a verdade que estea así non se entende.

Sra. alcaldesa: o concello poderá facer unha limpeza xenérica, pero esa limpeza diaria que no seu momento facía a Asociación de veciños coas aportacións dos titulares, non todos estaban de acordo polo que eu sei, e deixouse de facer uso diso, algo que a min persoalmente parecíame unha boa acción, porque foi o que se fixo sempre que cada un limpaba o seu cachiño; a limpeza xeral que poda facer o concello non vai ser tan boa nin efectiva como esa periódica que farían os propios veciños.

Sra. voceira: pero non falamos que se vaian limpar as lápidas, nin nada de isto; que se corte a herba do solo que está moi grande.

A Sra. voceira manifesta que retira as preguntas números 1,2 e 4.

PREGUNTAS:

3.- ¿Cuándo se tiene previsto acondicionar para aparcamiento en la playa de Gandarío?.

Sra. alcaldesa: estará probablemente listo este fin de semana, senón a semana que ven, que xa estamos en xullo, que é cando realmente podemos considerar que o operativo de praias pode comezar con algún socorrista, que a día de hoxe aínda se está co proceso de contratación, e xa cunha brigada de limpeza que aínda comezo fai pouco. Vaise adcentar coma sempre, entón o luns si que estará lista.

O Sr. concelleiro non adscrito D. Antón Sánchez García, presentou os Rogos e Preguntas o día 26 de xuño, co núm. de rexistro de entrada: 5386. e pasa seguidamente a formulalos; son os/as seguintes:

ROGOS:

1) *Fontaiña Mariñán.*

Sr. concelleiro Antón Sánchez: que está rota

Sra. alcaldesa: xa se quedou en amañar, pero como o seu amaño non lle impide o funcionamento, había outras prioridades, pero vaise amaña xa.

2) *Arranxo rampa de acceso á praia do Regueiro.*

Sra. alcaldesa: estamos esperando a ter o permiso, porque realmente calquera obra que se acometa aí, pensamos que habería que tomala con cemento, pero xa sabemos como son os de Costas para esas peculiaridades, con todo o sentido ademais.

Sr. concelleiro: ¿cando se solicitou o permiso?, mais ou menos.

Sra. alcaldesa: penso que haberá un mes.

3) *Farola a carón parada de autobús Cortiñán (dirección Betanzos) continúa apagada.*

Sr. concelleiro: xa o dixemos no último Pleno.

Sra. alcaldesa: agora mesmo non vemos que sexa necesaria, senón que se mirará cara ao inverno. Cando circulan as liñas aínda é de día.

Sr. concelleiro: pero tomouse nota e se vai facer cando se poida.

Sra. alcaldesa: si.

4) *Vixiancia e control das condicións laborais do servizo de axuda no fogar.*

Sr. concelleiro: xa o comentamos no último Pleno, temos constatado que se incumpren esas condicións laborais, e sobre todo, e o que é mais sangrante, no pago ás traballadoras. O concello, polo que eu sei, está pagando puntualmente e a empresa debe pagar tamén o que se comprometeu.

Sra. alcaldesa: a empresa, polo que a nós respecta, ten que pagar o que ten establecido en convenio .

Sr. concelleiro: pero non o está pagando. Hai probas de que se está pagando as horas de domingo como un día calquera cando deberían de pagarse a dezaoito euros a hora, iso lles supón un aforro por cada hora de doce euros trece, eu creo que tampouco nos poden tomar o pelo así.

Sra. alcaldesa: dubido un pouco no tema dos dezaoito euros.

Sr. concelleiro: si, é así porque hai unha táboa salarial do ano 2011

Sra. alcaldesa: si, a última táboa salarial do Convenio de Axuda no Fogar.

Sr. concelleiro: iso, se o concello está pagando á empresa, hai que vixialo.

PREGUNTAS:

1) *Estado de tramitación da rescisión de contrato coa empresa que elaborou o PXOM. Proceso de contratación doutra empresa para a elaboración dun novo PXOM.*

Sra. alcaldesa: si, trasladóuselle á empresa e aínda estamos neses dez días nos que poden facer alegacións, dende que recibiron o escrito.

Sr. secretario: rematan mañá.

Sr. concelleiro: pero se supón que xa houbo conversas coa empresa.

Sr. secretario: si, mandaron un escrito dicindo que estaban de acordo na rescisión; vin o escrito por enriba, pero creo que solicitan tamén a devolución do aval; entón queda aprobalo definitivamente e xa está.

2) *Cando se acometerán as obras de arranxo da estrada de Sampaio, nas súas 1º e 2º fases.*

Sra. alcaldesa: a 2ª fase aínda se encontra digamos aí enquistada, non está en estudo, e a primeira fase pedíranos ao concello un informe de compatibilidade por parte da Deputación, e o propio departamento de Patrimonio e Contratación da Deputación xa lle remitiu os informes á Xunta esta semana.

Sr. concelleiro: compatibilidade urbanística ¿para?

Sra. alcaldesa: para o trazado, era un informe previo, o sexa, preceptivo.

Sr. concelleiro e na 2ª fase ¿non se fixo ningún avance?.

Sra. alcaldesa: nos consta, e así estamos pendentes continuamente cos técnicos da Deputación e cos deputados, de que se está a traballar niso pero as dificultades as coñecemos todos.

3) Xestións realizadas para a implantación da administración electrónica no noso concello.

Sra. alcaldesa: pola nosa parte practicamente está, aínda estamos recibindo correos diariamente pero agora xa está ademais de Deputación implantalo a nivel xenérico en toda a provincia. Neste caso dependemos da Deputación, imos todos mais un menos da man, lles estamos respondendo a correos en canto a procedementos que queremos incluír, ou non; xa ía ser hai un mes, agora supoño que ata pasado o verano non o veremos realmente.

Sr. concelleiro: pero por parte do concello, están preparados todos os procedementos para que no momento que a Deputación funcione.

Sra. alcaldesa: si

Sr. concelleiro: ¿que trámites se van poder facer?

Sra. alcaldesa: teríamos que darlle un listado porque son moitos.

Sr. concelleiro: ¿taxas?

Sra. alcaldesa: taxas, informes, solicitudes....

Sr. secretario: case todos, o que hai que ver como o implantamos, se abrimos pouco a pouco e non todos á vez.

Sr. concelleiro: imos ver, non é por discutir, é por informarme, potencialmente xa sei todo o que se pode facer con iso, pero quero saber, para empezar, a organización interna do concello que está preparada para facer, porque se dis que non está preparada para facer todos.

Sr. secretario: a ver, non sei se sabes moi ben como vai o tema, o que te podó informar e que tanto os traballadores do concello recibiron cursos para a implantación e todo iso, están rematando o tema da sede electrónica, que xa nos pasaron un borrador de como quedaría a páxina web do concello, que é a que ten o enlace coa Deputación, e a partir de aí poderíase entrar en todos os procedementos. Eu dicía que abrir todos o mesmo día sería un pouco caos, porque todas as cousas que son novas levan un tempo, pero en principio cremos que estamos preparados para atender a todos.

4) Estado de elaboración do regulamento de uso do campo de fútbol de Cortiñán.

Sr. concelleiro: quedarase en facer un regulamento, ou unha normas, para usalo.

Sra. alcaldesa: aínda non hai unhas datas previstas, estamos agora mesmo con outros regulamentos. Tamén é certo que non estamos vendo que haxa solicitudes para a utilización do campo de fútbol, excepto a do Sporting de Bergondo e a peña de Guísamo, o sexa, as que xa se quedaron no seu momento, e dicir, non hai solicitudes de particulares nin de peñas doutro sitio.

Sr. concelleiro: nós si que tivemos preguntas da xente de que se puidera utilizar para xogar un partidoño entre amigos;eu penso que tampouco é un regulamento moi complicado, aínda que sei que aprobar regulamentos non é a especialidade deste goberno.

Sra. alcaldesa: tampouco pasaría nada porque con facer unha solicitude, estanse tramitando as solicitudes sen ter un regulamento, o estamos facendo no día a día.

Sr. concelleiro: se podo, quería facer outras queixas ou comentarios que se fixeron. Co tema da limpeza da praia de Gandarío, que andan as palas ás doce do mediodía, se iso ten que ser así, senón hai maneira de evitalo.

Sra. alcaldesa: é certo que quizá Costas non calculou moi ben os prazos, ese non é un tema noso, é da Dirección de Costas, de feito a semana pasada chamáronos e dixéronos que o luns comezaban e así estaban alí as palas na noite de San Xoan; estiveron polas mañás, e polas tardes vendo as queixas dos usuarios e dada a perigosidade, deixáronas de utilizar. Pasou o mesmo o ano pasado, eu penso que por moito que prevexan facelo con antelación suficiente sempre se acaba *pillando o toro*, facer o teñen que facer.

Sr. concelleiro: si, pero están comezando a partir das nove, se lles pode trasladar que, dentro do que poidan, comecen mais cedo; o lóxico é que non pase nada, pero non é bó que estean ás doce e media ou unha, por alí as máquinas.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e vinte minutos remátase a sesión por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, o secretario, dou fe.

O secretario xeral

V. e Pr.:
A alcaldesa

Federico Suárez Canelo

Alejandra Pérez Máquez